

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 25 DE XUÑO DO 2018.-

| | |
|--|---|
| <p>Sr. Alcalde: Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo Sres. Concelleiros: Dna M^a Victoria Montenegro Paz. Dna Olimpia Marcos García. Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro. D. José Juan Vilar Rico. D. Gustavo Pita Carballeira D, Luis Cendán Fernández. D. Emilio Mesias Farías.. D. Manuel Bello Bouza. Dna. Josefina Martínez Martínez. Dna. Marta Seijas Díaz. D. Ricardo José Fernández Lage. Sr. Secretario: D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p> | <p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e dazaoito minutos do día vintecinco de xuño do dous mil dezaioito, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p> |
|--|---|

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

1º.- APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 30/04/2018 E 28/05/2018

O Sr. Alcalde abre o primeiro turno de intervencións e dálle a palabra a voceira do PP a Sra. Josefina Marínez Marínez.


Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que habería que corrixir a acta do 30/04/2018 na páxina 22 onde di "Sometida a votación a Moción coa emenda antes proposta, o Pleno do Concello por 10 votos a favor, 5PsdG-PSOE, 1 SON DE ARES, falta o número de votos do BNG, 1 NAL, e pon 3 en contra (BNG) cando ten que dicir 3 en contra PP".

Intervén o Sr. Secretario dicindo que si que habería que facer unha corrección de erro.

Toma a palabra o Sr. Alcalde preguntando si queren facer algunha outra consideración.

Sometida a votación as actas da sesión celebrada o día 30/04/2018 e 28/05/2018, o Pleno do Concello por unanimidade, 12 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1 SON DE ARES, 1 NAL, 2 BNG-1 Ausencia xustificada, 3 PP), acorda prestarlle a aprobación.

2º.- APROBACIÓN SE PROCEDE DO CONVENIO ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE ARES PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DO INMOBLE PARA CENTRO SOCIOCOMUNITARIO DO CONCELLO DE ARES.



Dáse conta do convenio entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Ares para o financiamento das obras de acondicionamento do inmoble para centro socio comunitario do Concello de Ares, que a continuación se transcribe;

“CONVENIO ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE ARES PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE INMOBLE PARA CENTRO SOCIOCOMUNITARIO DO CONCELLO DEARES”

REUNIDOS

Dunha parte, José Manuel Rey Varela, Conselleiro de Política Social, en virtude da súa condición de Presidente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar segundo os estatutos que o regulan publicados no DOG núm. 131 do 7 de xullo de 2006.

Doutra parte, Julio Ignacio Iglesias Redondo, actuando en representación do Concello de Ares, en virtude da súa condición de Alcalde Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 61 da Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia.


Ambas as partes, no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto

EXPOÑEN

I. Que o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (en diante o Consorcio), creado en virtude do convenio de colaboración subscrito entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e os Concellos, o día 3 de xullo de 2006, de acordo co artigo 6 dos seus estatutos, publicados no DOG do 7 de xullo de 2006, ten como misión primordial a participación na dirección, avaliación e control da xestión dos servizos sociais de ámbito local, (CP.ntros de prestación de servizos sociais de atención especializada e tamén centros de prestación de servizos sociais de atención primaria "cando así o solicite o concello interesado"), con atención especial á xestión integral das Escolas infantís de titularidade municipal, no ámbito territorial dos entes consorciados.

Que o Consorcio nace así, de acorde ás súas finalidades e competencias, co obxecto de implantar un modelo homoxéneo de prestación de servizos sociais e desta maneira:

- Garantir o acceso de todos os galegos e galegas a uns servizos sociais públicos de calidade, a través dunha oferta de recursos suficiente e equilibrada territorialmente;
- Incrementar os niveis de cobertura, intensidade e calidade de atención dos distintos servizos e prestacións;
- Realizar unha distribución efectiva dos servizos e prestacións a fin de dar resposta ás necesidades reais da poboación, asignando equitativamente o uso e acceso aos recursos sociais dispoñibles, a través de procesos de planificación previa, e tendo como principio de actuación o r., antemento das persoas no seu contorno propio.



II.- Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuídas en exclusiva as competencias en materia de asistencia social de acordo coa Constitución española e o seu Estatuto de autonomía.

En base nesta competencia exclusiva aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que lle atribúe a esta administración autonómica a planificación, ordenación e coordinación das políticas autonómicas de benestar e, entre elas, as referidas á atención ás persoas maiores e ás persoas en situación de dependencia.


III.- Que na Comunidade Autónoma de Galicia, o departamento encargado da planificación, ordenación e coordinación das políticas referidas á atención ás persoas maiores en situación de dependencia correspóndelle á Consellería de Política Social, en virtude do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

IV.- Que de acordo co artigo 60 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, en relación co disposto nos artigos 10 a 13 deste mesmo texto legal, os concellos teñen atribuídas a creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios, tanto básicos como específicos, aínda que o artigo 59.i) tamén atribúe á Xunta de Galicia a creación, mantemento e xestión dos centros e programas dos servizos sociais comunitarios específicos que, pola súa natureza, ámbito supramunicipal ou outras circunstancias, debidamente xustificadas no marco do Plan estratéxico de servizos sociais, asuma a Xunta de Galicia.

V.- Que a propia Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, establece no seu artigo 64 e 64 bis que a Xunta de Galicia promoverá unha efectiva coordinación e cooperación cos concellos co fin de asegurar a calidade e cunha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e ao mantemento de servizos sociais comunitarios específicos. Esta coordinación poderá levarse a cabo a través de fórmulas xurídicas adecuadas para tal fin, como as fórmulas de cooperación interadministrativa de natureza consorcial. Para estes efectos, a disposición adicional segunda da devandita lei fai referencia expresa ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o cumprimento deses obxectivos, ao estipular que o Consorcio promoverá a coordinación e cooperación efectiva cos concellos galegos co fin de asegurar unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio de Galicia.

VI.- Que segundo o artigo 25.2 do Decreto 99/2012, de 26 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (DOG núm. 63, do 30 de marzo), os servizos sociais comunitarios específicos actuarán como servizos de proximidade no medio vital das persoas destinatarias, favorecendo o mantemento dos seus vínculos familiares e comunitarios, a súa autonomía e calidade de vida.

No marco establecido no artigo 13 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, as funcións dos servizos sociais comunitarios específicos son, entre outras, consonte o previsto no artigo 26 e) do Decreto 99/2012, de 26 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e seu financiamento, a atención de persoas maiores en equipamentos



que faciliten a súa socialización activa, a prevención da dependencia e a promoción da autonomía persoal.

VII. - Que o Concello de Ares (en diante o Concello), adheriuse ao Consorcio Galega de Servizos de Igualdade e Benestar por medio de Convenio asinado o 11/12/2007.

VIII.- Que o Concello é titular dun edificio, sito na rúa Real, e coñecido como "Escalas do Lago" no Concello de Ares. Dita inmoble está composto de dúas edificacións independentes cun espazo entre ambas as dúas, senda vontade do Concello o seu acondicionamento para Centro Sociocomunitario, para atender á demanda dos servizos municipais de carácter social.

IX. - Baseándose no anterior, ambas as partes manifestan expresamente o seu desexo de asinar un **CONVENIO DE COLABORACIÓN** para financiar as obras de acondicionamento do inmoble para Centro Sociocomunitario, que serán realizadas polo Concello.

Polo tanto, coa finalidade de mellorar a calidade de vida e o benestar das persoas do Concello as partes comparecentes acordan formalizar o presente convenio de colaboración, con suxeición ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO


O obxecto deste convenio é o de establecer as bases de colaboración entre as partes que o asinan para o financiamento das obras de acondicionamento do inmoble sito na rúa Real, e coñecido como "Escalas do Lago" para Centro Sociocomunitario no Concello de Ares, que se destinará a actividades de promoción da autonomía persoal e/ou prevención da dependencia.

Para este financiamento o Consorcio realizará unha contribución máxima de 134.500 euros, e as cantidades executadas que excedan da achega do Consorcio serán por conta do Concello.

SEGUNDA.- FINANCIAMENTO E PAGO

Para o financiamento do investimento obxecto deste convenio, o Consorcio comprométese a achegar ao Concello a cantidade máxima de 134.500 euros durante o ano 2018 e 2019, con cargo á partida orzamentaria 12.90.312 E dos orzamentos de gastos do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, coa seguinte distribución.

| Anualidade | Importe |
|------------|----------|
| 2018 | 67.500 € |
| 2019 | 67.000 € |




TERCEIRA.- OBRIGAS DO CONCELLO

Son obrigas do Concello as seguintes:

1. Realizar as actividades obxecto de financiamento.
2. Facilitar toda a información requirida polo Consorcio referente ao obxecto do presente convenio.
3. Non difundir, sen a previa autorización do Consorcio, calquera información que afecte ao contido do presente convenio.
4. Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación aplicable ao concello en cada caso coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control do gasto polos organismos correspondentes.
5. Acreditar a realización do obxecto así como a aplicación dos fondos ao fin destinado, de acordo co establecido na cláusula segunda deste convenio.
6. Acreditar, no seu caso, o importe doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que puidera ter recibido para financiar as actuacións obxecto do presente convenio. De acordo coa previsión contida no artigo 17.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en ningún caso o dito importe poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coa achega realizada polo Consorcio supere o custe total das actuacións obxecto de presente convenio.
7. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos.
8. De conformidade co artigo 29.4.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello deberá destinar o inmovible ao recurso do Centro Sociocomunitario durante un mínimo de 5 anos, no caso de bens inscribibles nun rexistro público e durante un mínimo de 2 anos para os restantes bens.
9. De conformidade co previsto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, o concello deberá cumprir as obrigas que sobre a subministración de información se poidan requirir. Para o caso do incumprimento desta obriga estarase ao disposto no artigo 4.4 da devandita lei.
10. O Concello comprométese a entregar ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar toda a documentación que sexa precisa para os efectos de xustificar o investimento realizado.
11. O Concello tamén se compromete á xestión do centro, en calquera das modalidades previstas na lexislación vixente, e a que a subscrición deste convenio non supoña incremento do gasto nin para a Xunta de Galicia nin para o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, co obxecto de atender os gastos de funcionamento do equipamento.

CUARTA.- XUSTIFICACIÓN E FORMA DE PAGAMENTO




Respecto á forma de pagamento estarase ao establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro de desenvolvemento do anterior.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar efectuará o pagamento das contías comprometidas en favor do Concello para cada un dos exercicios, unha vez que o concello teña contabilizado o recoñecemento das obrigas polo órgano competente da entidade local. Para o cal, con carácter preferente, deberá achegar as facturas referentes ao gasto realizado para a execución deste investimento, podéndose incluír nestes os honorarios de redacción do proxecto, que deberán ir acompañadas dunha certificación expedida polo órgano correspondente da corporación local beneficiaria, acreditativa da súa aprobación polo órgano competente.

Os pagamentos á conta efectuaranse contra xustificantes de gasto (facturas) acreditativos dos gastos de execución do investimento subvencionado, aos que deberán xuntar certificación do órgano que teña atribuídas na devandita entidade as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida, así como unha declaración de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. Aos efectos do previsto no artigo 45 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, o Concello deberá presentar estes xustificantes ante o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, na data límite do 10 de decembro de cada exercicio orzamentario.

De acordo co anterior, ao abeiro do previsto no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos artigos 62 e 63 do regulamento que a desenvolve, aprobado por Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, efectuaranse pagamentos anticipados e pagamentos á conta (pagamentos fraccionados que responden ao ritmo de execución das accións subvencionadas) a favor do Concello. Os pagamentos anticipados poderán chegar ata o 50% do importe do convenio sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. O importe conxunto dos pagamentos á conta e dos pagamentos anticipados que, se é o caso, se concedesen non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, nin excederá a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. Os pagamentos á conta efectuaranse contra xustificantes de gasto (facturas) acreditativos dos gastos de execución do investimento subvencionado, aos que deberán xuntar certificación do órgano que teña atribuídas na devandita entidade as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida, así como unha declaración de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. Aos efectos do previsto no artigo 45 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, o Concello deberá presentar estes xustificantes ante o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar na data límite do 10 de decembro de cada exercicio orzamentario.



A porcentaxe da subvención pendente de aboar, tras os pagamentos anticipados e á conta, para cada ano será satisfeita cando o concello achegue xustificantes de gasto e certificación do órgano que teña atribuídas na dita entidade as correspondentes facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida que acaden un importe igual ou superior ao total da contía subvencionada.

En todo caso, como xustificación final da subvención e como requisito para a tramitación do derradeiro pagamento, o Concello deberá achegar a declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma.

Coa documentación xustificativa acreditativa de cada un dos pagamentos, a corporación local deberá indicar expresamente que se está a presentar unha xustificación parcial ou final e a solicitar, en consecuencia, o correspondente pagamento parcial ou final, do investimento.

Ademais e tratándose da xustificación parcial ou final do investimento subvencionado, e antes do derradeiro pagamento, o concello deberá presentar unha certificación complementaria, emitida polo órgano correspondente (intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade), que faga constar expresamente que o importe da transferencia realizada foi destinado á súa finalidade, acompañada, dun informe do técnico municipal de servizos sociais no que se dea conta da actuación realizada e se certifique que se corresponde co que foi obxecto de transferencia.


Este informe deberá ser visado polo alcalde-presidente da dita corporación municipal.

Coa conta xustificativa da subvención, ademais da documentación indicada nos puntos anteriores, segundo o artigo 10 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, deberá achegar a certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e praxe do alcalde, relativa á aprobación do órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar o contido detallado no citado precepto. Igualmente, de ser o caso, deberá presentar a restante documentación á que fai referencia o mencionado artigo, en especial, os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

O Concello sempre estará obrigado a acreditar documentalmente, no prazo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na súa conta bancaria, a efectividade dos pagamentos realizados polo dito concello, correspondentes aos aboamentos destinados ao financiamento da execución do dito investimento.

A corporación local tamén estará obrigada a achegar toda a documentación xustificativa que se lle requira, correspondente ao investimento obxecto deste convenio, para a súa xustificación.

A contía concedida á corporación local, en virtude deste convenio de colaboración, para financiar a execución do investimento, será compatible con outras subvencións, axudas,



ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, tendo en conta que o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada, segundo o establecido no artigo 17.2 e 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que o Concello non cumpra coas condicións establecidas neste convenio de colaboración para obter o financiamento para a execución do investimento, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de mora correspondente, dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos supostos e na forma establecidos no artigo 33 a 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

QUINTA.- MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN DO CONVENIO.

a) Modificación do convenio.


As partes asinantes, poderán solicitar a modificación do presente convenio no seo da comisión de seguimento establecida na cláusula sexta do presente convenio. De acordarse a modificación, esta formalizarase a través dun instrumento que será asinado pelas partes convenientes.

b) Resolución do convenio.

Serán causas de resolución do presente convenio e procederá, se é o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida e os xuros de mora reportados dende o momento do seu pagamento, ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, os supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Así mesmo, serán causas de resolución as seguintes:

- A denuncia de calquera das partes formulada expresamente cunha antelación mínima dun mes.
- O mutuo acordo das partes.
- incumprimento das cláusulas do presente convenio, en particular, as obrigas das partes establecidas nas cláusulas segunda e terceira deste.
- Cando resulte inviable a realización das actuacións descritas no convenio por causas non imputables ás partes ou por se producir cambios normativos que afecten substancialmente ás disposicións vixentes a súa sinatura, que ampararon a súa subscripción.
- O incumprimento polo Concello do pago das cantidades que este deba ao Consorcio en virtude das liquidacións practicadas ao abeiro das previsións contidas no artigo 69 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación (DOG núm. 28, do 9 de febreiro).



SEXTA.- VIXILANCIA DO CONVENIO

A vixilancia e seguimento do convenio encoméndase a unha comisión mixta integrada polo xerente do Consorcio e o Alcalde do Concello, ou persoas en quen deleguen.

Esta comisión terá como funcións: A coordinación, avaliación, e seguimento das actuacións estipuladas no presente convenio, así como a resolución das dúbidas e discrepancias que poidan xurdir na interpretación e aplicación do convenio.

SÉTIMA.- DURACIÓN

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá os seus efectos ata o 31 de decembro de 2019, se ben en calquera momento antes da finalización do dito prazo poderá acordarse unanimemente por ambas as partes a súa prórroga por un ano adicional ou a súa extinción. Non obstante, o convenio entenderase finalizado no momento en que se realice a totalidade da achega prevista na cláusula segunda.

OITAVA.- CARÁCTER ADMINISTRATIVO DO CONVENIO


O presente convenio terá carácter administrativo quedando excluído da aplicación da normativa reguladora dos contratos do Sector Público, ao abeiro do disposto no artigo

6.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, debendo aplicarse, non obstante, os principios do devandito texto legal para a resolución das dúbidas ou lagoas que puideran presentarse.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da modificación e resolución serán resoltas polo Consorcio poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, cabendo contra elas, recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses que se contarán desde o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. De non ser así, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e cutres posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade ces termos do convenio, as partes comparecentes asínano e rubricano por triplicado exemplar no lugar e data expresados

Acto seguinte dáse conta do Informe de Secretaría de data 19 de xuño de 2018, que seguidamente se transcribe:



INFORME DE SECRETARÍA

Asunto: Convenio co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o financiamento das obras de acondicionamento de inmoble para Centro Sociocomunitario do Concello de Ares.

En cumprimento do establecido non artigo 3.3 a) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dous funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte,

INFORME


PRIMEIRO. A cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os consorcios ou os convenios administrativos que subscriban.

De cada acordo de cooperación formalizado por algunha destas Administracións darase comunicación a aquelas outras que, resultando interesadas, non interveñan non mesmo, aos efectos de manter unha recíproca e constante información.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 86 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de Dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico nin versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer ou interese público que teñen encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que, non seu caso, prevexa a disposición que ou regule, podendo tales actos ter a consideración de finalizadores dúas procedementos administrativos ou inserirse nos mesmos con carácter previo, vinculante ou non, á resolución que lles poña fin.

SEGUNDO. A Lexislación aplicable vén determinada por:

- Os artigos 55 e 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Ou artigo 4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Ou artigo 141 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Os artigos 82, 83 e 86 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Ou Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.



TERCEIRO. Non caso de convenios subscritos entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, conforme ao previsto non apartado segundo do artigo 57 da 7/1985, do 2 de abril, deberase mellorar a eficiencia da xestión pública, eliminar duplicidades administrativas e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

CUARTO. De acordo co establecido non artigo 4 : “Régimen aplicable a los negocios jurídicos excluidos”, as relacións xurídicas. Negocios e contratos cotados nesta sección quedan excluídos do ámbito da presente Lei, e rexiránse polas súas normas especiais, aplicándose os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagunas que poideran presentarse.

QUINTO. Para a aprobación dun Convenio administrativo de colaboración entre ou Concello e calquera outra Administración, de conformidade co establecido non artigo 140.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público non previsto pola citada Lei deberá aplicarse a lexislación básica en materia de réxime local.


SEXTO. De conformidade co previsto non artigo 53 de Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público en relación coa instrución relativa á remisión telemática ao Tribunal de Contas de convenios e de relacións anuais dous celebrados polas entidades do sector público local, aprobada por Resolución de 2 de decembro de 2016, da Presidencia do Tribunal de Contas, dentro do prazo de tres meses seguintes á subscrición de calquera convenio cuxos compromisos económicos superen os 600.000 euros, deberase remitir ao Tribunal de Contas ou órgano externo de fiscalización da Comunidade Autónoma, copia do documento de formalización do convenio, acompañada dá correspondente memoria xustificativa.

Enténdese por compromisos económicos asumidos, ou importe total das achegas financeiras que se comprometan a realizar ou conxunto dous suxeitos que subscriben ou convenio, independentemente dá achega que corresponda á entidade local remitente dá documentación.

Así mesmo, as entidades locais deberán remitir anualmente unha relación certificada comprensiva dous convenios formalizados, con independencia da súa contía, en aplicación do artigo 53.3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e a instrución relativa á remisión telemática ao Tribunal de Contas de convenios e de relacións anuais dous celebrados polas entidades do sector público local, aprobada por Resolución de 2 de decembro de 2016, da Presidencia do Tribunal de Contas.

SÉTIMO. Durante todo ou proceso de aprobación do Convenio, deberá cumprirse coas esixencias de publicidade activa en virtude do disposto non artigo 21.4 dá Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na normativa vixente en materia de transparencia.

OITAVO. O convenio contempla unha nova proposta en relación ao anterior tramitado ao abeiro da derogada Lei 30/1992, de 26 de novembro



Aprobado o convenio, o mesmo poderáse someter a información pública, de acordo co establecido non artigo 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por un período mínimo de vinte días, mediante anuncio publicado non Boletín Oficial de Provincia, e no taboleiro de edictos do Concello, aos efectos de que se produzan as alegacións que se estimen pertinentes, que serán certificadas por esta Secretaría e informadas polos Servizos Técnicos Municipais :

Artículo 83 Información pública

1. El órgano al que corresponda la resolución del procedimiento, cuando la naturaleza de éste lo requiera, podrá acordar un período de información pública.

2. A tal efecto, se publicará un anuncio en el Diario oficial correspondiente a fin de que cualquier persona física o jurídica pueda examinar el expediente, o la parte del mismo que se acuerde.

El anuncio señalará el lugar de exhibición, debiendo estar en todo caso a disposición de las personas que lo soliciten a través de medios electrónicos en la sede electrónica correspondiente, y determinará el plazo para formular alegaciones, que en ningún caso podrá ser inferior a veinte días.


3. La incomparecencia en este trámite no impedirá a los interesados interponer los recursos procedentes contra la resolución definitiva del procedimiento.

La comparecencia en el trámite de información pública no otorga, por sí misma, la condición de interesado. No obstante, quienes presenten alegaciones u observaciones en este trámite tienen derecho a obtener de la Administración una respuesta razonada, que podrá ser común para todas aquellas alegaciones que planteen cuestiones sustancialmente iguales.

4. Conforme a lo dispuesto en las leyes, las Administraciones Públicas podrán establecer otras formas, medios y cauces de participación de las personas, directamente o a través de las organizaciones y asociaciones reconocidas por la ley en el procedimiento en el que se dictan los actos administrativos.

Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas interesar, nin existan intereses de terceiros.

NOVENO.- O financiamento contempla unha aportación plurianual de 67.500,00 € para o exercizo 2018 e 67.000,00 €. Para 2019 coas obrigas derivadas da cláusula terceira do Convenio.




Na súa virtude, examinada a nova proposta de convenio non se observan impedimentos para a súa aceptación e sinatura.

Intervén o Sr. Alcalde explicando que hai temos unha inversión importante en tres fases, a primeira fase sería o edificio máis preto a Rúa María a segunda fase sería o outro edificio que é o que da a Rúa Real e a terceira fase sería a cuberta do patio cuberto para poder facer actividades en días de choiva, cubrindo o patio cuberto teríamos toda esa parte tamén útil en días de inverno. Agora teríamos este edificio o que da a Rúa María de feito xa coñecíamos a sinatura deste convenio razón pola cal se desmontaron os garitos que había anexos porque dificultarían a rehabilitación entón, ese edificio da Rúa María xa está baleiro de anexos para poder actuar nel e a finalidade é un centro sociocomunitario é dicir, un centro destinado a actividades sociais comunitarias por parte de toda a veciñanza, pero loxicamente temos actividades de servizos sociais como pode ser memoria e musicoterapia que irían para aí, non para este edificio concretamente a finalidade é rehabilitar todo con eses fins sociocomunitarios, pero partindo da base de que actividades de servizos sociais como memoria e musicoterapia irían para ese edificio.

O Sr. Alcalde abre o primeiro turno de intervencións e dálle a palabra ao voceiro do BNG o Sr. Mesías Farías.

Intervén o Sr. Mesías Farías dando as grazas e dando os bos días a todos/as, manifesta que xa tiveron ocasión de falar algo deste proxecto con ocasión dunha proposta que presentamos o ano pasado ao respecto do que nos chamamos "Fol das Ares" que era un espazo adicado a música, danza e teatro que nos entendemos que é urxente, de necesidades urxentes para contar e para avanzar na situación cultural no Concello de Ares. Como ocasión da que era a nosa proposta que foi tirado en contra lamentablemente para nós por parte do grupo de goberno e que se perderon tres ocasións bárbaras para poñer os alicientes para poder poñelo en práctica, como foi por exemplo non incluír ese solo no Plan Xeral de Ordenación Municipal como dotacional para cultura, ou como non incluílo tampouco no POS para algunhas circunstancias que se poderían levar pois veu a colo decíamos do tema deste proxecto que coñecíamos virtualmente e que se daba en chamar "Centro Comunitario da Familia".

Continúa o Sr. Mesías Farías dicindo que hai unha cousa chamativa que é ao respecto dos Servizos Sociais do Concello de Ares, da a impresión de que cada cousa que se fai nova o primeiro destino vai para Servizos Sociais independentemente de si despois vai a ter outra finalidade e así temos onde está agora localizado a Policía Local, aí estivo Servizos Sociais e onde está a Urb. Papellas alí hai uns locais que tamén xestionaba Servizos Sociais para a terceira idade, cando os baixos do Centro de Saúde provisional aí foron tamén parte dos Servizos Sociais e polo que se falou tamén, unha das ideas era que a Casa Rectoral tamén ía para Servizos Sociais digamos que parece que é un comodín o tema de Servizos Sociais para logo facer rehabilitar, digamos que pode ser a escusa porque despois ao final non sabemos moi ben que é o que hai en cada lado. Si que está pendente e me gustaría que o grupo de goberno tomase nota, está pendente un tema que deberíamos de falar que é o número de locais municipais que hai e os usos que se lles está dando, porque igual hai que repensar si é necesario ter tantos tan parados, e tantos que non valen para todos entón o que quero dicir concretándonos nesta situación e ao respecto dunha proposta que nos fixeramos no mes de febreiro de situar nas escolas do lago un espazo de música provisional mentres non se fixese o Fol das Artes ou algo similar, nós propoñemos daquela aproveitando que agora vai quedar o Centro de Saúde provisional libre, propoñemos




daquela ubicar alí o espazo para a música, o espazo para música tendo en conta as agrupacións musicais que hai en Ares e o traballo que están a desenvolver coas súas peculiaridades, temos unha rondalla unha banda de música, bandas de gaitas en fin, hai diversas agrupacións que tamén necesitan dun espazo e que a día de hoxe non teñen polo tanto, nos propoñemos o que agora se vai chamar esa primeira fase quedase como un local grande para ubicar unha agrupación grande como pode ser unha rondalla ou unha banda de música e despois no outro edificio que aquí vanlle a chamar segunda fase propoñer ubicar aí catro aulas, un espazo de administración, un aula grande, aulas teóricas e un almacén ademais dos dous aseos en ámbolos dous sitios, non vemos moi ben este proxecto porque entendemos que estas actividades que se van a levar a cabo aquí poderían ir ubicadas en outras por exemplo no centro de Papellas porque non se precisa dunhas características especiais para meter musicoterapia ou talleres de memoria, polo tanto nós pedimos que este tema quede sobre da mesa e que se reformule a necesidade. Nós entendemos que isto foi feito así porque era a maneira de pedir unha subvención porque había un acordo con Rey Varela para amañar o edificio, porque o concello non dispón de partidas para amañalo, pero entendemos tamén que hai que priorizar a finalidade do que debe ser porque xa digo que isto, vai limitar bastante.

Remata o Sr. Mesías Farías coa primeira intervención.

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do PP a Sra. Martínez Martínez.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que eles votan de menos porque este convenio non se levou a unha comisión, estamos de acordo con isto pero temos moitas dúbidas. O local que estaba para a Garda Civil agora non sabemos para o que vai ser porque a Garda Civil quedase en Mugardos, o auditorio o proxecto de auditorio que ía para as Escolas do Lago agora xa non vai ser nas Escolas do Lago, o Centro de Saúde provisional para que vai ser entón, si isto o levara a comisión e faláramos en comisión sobre todos estes temas sería o máis lóxico e non discutilo agora no pleno entón, queríamos que nos aclarara todas estas dúbidas.


Reponde o Sr. Alcalde manifestando que todos os edificios que se foron rehabilitando ao longo destes anos tiñan lóxicamente unha finalidade como por exemplo, o primeiro edificio que rehabilitamos que foi a Casa da Xuventude pois vai para Casa da Xuventude e o baixo para Escola de Informática o aula CEMIT. Cando rehabilitamos o edificio da Policía Local pois nun primeiro momento foi Servizos Sociais para alí o exceso de verticalidade do edificio a xente maior que acudía a el e as escaleiras que había que subir por moito que houbera ascensor e os deficientes espazos das salas de espera que eran moi escasos, pequenos por desgraza non garantían a intimidade nin a confidencialidade, pero efectivamente estaba moi acoutado entón había xente en espera, había alí unhas cadeiras no descansillo de cada piso e vimos que Servizos Sociais xa non é o que era que cada vez había máis demanda por desgraza hai máis usuarios para unha sala de espera tan reducida entón volvemos a reconsiderar a ubicación e foi para alí a Policía Local ten menos usuarios presenciais, para ir a poñer unha denuncia non hai problemas de espazo. As Alianzas Aresáns hai peticiables de convertelas nun Centro de Interpretación do Mundo Indiano, en consecuencias ademais de ser un edificio indiano acollera no seu interior un centro de documentación que hoxe non sería moi difícil porque non fai falta ter orixinais hoxe todo se dixitaliza e con tal de telo ordenado pode ser un centro de cultura aparte con fondos propios os fondos que están depositados nos salóns do Casino Aresán xa están dixitalizados co que os orixinais írfan en custodia do casino pero esas copias dixitalizadas



de esa documentación que é moi boa e outra documentación que se podería conseguir podería ir as Alianzas Aresáns como un Centro de Interpretación, esa é incompatible cas múltiples actividades que se levan a cabo nas Alianzas Aresáns entón, esa exclusividade de biblioteca e centro de documentación do mundo Indiano algunhas actividades terían que saír de aí, sobre todo as que non son compatibles co estudo co silencio que tería que haber para nun centro de estudo ou de investigación efectivamente, nesas escolas do lago cuxo uso é compatible porque son usos sociocomunitarios unha vez que este cuberto o patio porque non vai a ser auditorio, unha vez que o patio este cuberto porque non se van a poder facer alí determinadas actividades baixo unha cuberta sen chover, temos unha actividade que vai a pasar de 73 asistentes pois non vai as Alianzas ese é o aforo máximo nas Escolas do Lago nese patio cuberto entran máis de 73 asistentes entón efectivamente son usos compatibles, o festival da familia porque non se vai poder facer nese centro sociocomunitario entón, eu creo que son usos compatibles.

Eu non coñezo a ningúnen que este tocando música vintecatro horas, nin coñezo a ningúnen que ensaie vintecatro horas nin coñezo clases de música que están vintecatro horas pero tampouco coñezo clases de música que están doce horas seguidas non as coñezo polo tanto, os usos exclusivos parécenme unha perda de espazo entón creo que hai usos compatibles, os de memoria creo que van unha hora un día a semana en sesións de hora e media o resto do tempo porque non van a poder ir alí a ensaiar o feito de que non vaian a ensaiar non quere dicir que non poda haber memoria ou porque non pode haber musicoterapia, esa exclusividade de ter o edificio e vou cando me de a gana e durante o tempo que este libre non pode ir ningúnen máis que eu non o entendo entón, as actividades sociocomunitarias están aberto a todo se poder dar alí clases de música, claro que si e cando non se dan as clases de música pode haber musicoterapia e cando non haxa musicoterapia pode haber memoria entón eu creo que os edificios teñen que ter usos compatibles porque si non teríamos que ter un edificio para cada cousa e iso e imposible por iso, cando negociamos o convenio non puxemos edificio de servizos sociais cando o financia a Consellería de Servizos Sociais puxemos usos sociocomunitarios porque entran os de servizos sociais e outros, porque non podemos dedicar un edificio a cada cousa en consecuencia os usos compatibles van a permitir por exemplo e un supoñer, actividades incompatibles co estudo e a investigación na biblioteca temos un local en Papellas o que iamos a ceder a Garda Civil que por certo, volveron a chamar, non sei que debe estar pasando en Mugardos que xa non o ven claro, volveron a chamar e por certo lles dixen que non, que agora xa tiñamos planificado outros usos e ademais tampouco o decían fixo decían si estaba aberta a posibilidade claro, teñen en Mugardos o lío e efectivamente non o deben de ter moi claro, pero nós si que nos comprometimos co Centro Indiano si aquilo vai a ser un Centro de Estudo as actividades de biblioteca, as actividades incompatibles co uso de biblioteca e demáis irían para ese edificio en Papellas e as actividades con nenos que fan ruído e tivemos moitas queixas dos que ían alí a estudar irían para Papellas por iso non podería ir a Gardia Civil porque vai para esas actividades imos sacar das alianzas, as vinculadas aos servizos sociais como musicoterapia e memoria irían para as Escolas do Lago xunto con outras que meteremos alí tamén a Casa da Xuventude seguirá sendo a Casa da Xuventude, a Policia Local seguirá sendo Policia Local e a Casa Rectoral pois é un mundo porque efectivamente aínda falta o proxecto de rehabilitación aínda estamos co proxecto de aseguramento e no proxecto de rehabilitación hai un baixo e un primeiro que se vai a facer alí, pois ben pódense facer tamén moitas cousas compartidas non ten porque ir so para unha cousa poden facerse moitas cousas compatibles.

O Sr. Alcalde diríxese a voceira do PP a Sra. Martínez Martínez dicindo que si repondeu a as súas preguntas, abrimos un segundo turno de intervencións.



O Sr. Alcalde pregunta que quere intervir e dálle a palabra ao voceiro do BNG o Sr. Mesías Farías.

Intervén o Sr. Mesías Farías dando as grazas e dicindo que ímonos a poñer no caso de que non ten que haber un uso exclusivo das instalación polo tanto, poderían convivir actividades de música con esas actividades de servizos sociais que son polo que dixo a Concelleira de Servizos Sociais que non representan máis de cinco horas a semana, foi o que eu entendín.


Responde o Sr. Alcalde dicindo que tres horas.

Responde a Concelleira de Servizos Sociais a Sra. Montenegro Paz aclarando que son tres hora de memoria logo temos musicoterapia que é unha hora e media a semana.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que non representa máis de seis horas a semana.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que sen prexuízo a aumentar temos xente de Alzheimer que quere aumentar horas e posiblemente en función do prezo temos que velo.

Intervén novamente o Sr. Mesías Farías dicindo que a día de hoxe a realidade e esa, que si temos en conta as horas que hai nas actividades musicais e empezamos a contar os ensaios que teñen as distintas agrupacións pois nós sumamos entre a rondalla que terá tres horas a semana, as banda de gaitas que tamén teñen tres horas a semana cada grupo, a escola de Xabrega e a súa banda que terá quince horas a semana ou dezasete pois temos aí unha cantidade de horas importante polo tanto, podíase dedicar pensando naquelas actividades que teñen máis horas e polo tanto cubrir esas necesidades sen que iso supoña que non poida haber outro tipo de actividades pero claro, aquí o que hai primeiro de todo é un proxecto que di claramente que isto vai dedicado a unhas cuestións concretas, logo xa sabemos que se van dedicar a outras cousas non, pero a finalidade é isa polo tanto, si en vez de plantexar esta rehabilitación así con dúas aulas no edificio que da a Rúa María e outras dúas que da a Rúa Real si se plantexa o que nos dicíamos unha aula grande na Rúa María que permite a todo tipo de agrupacións musicais grandes poder ensaiar alí máis comodamente porque ademais teñen instrumentos e ocupan espazo e no lado de aquí si facemos tres ou catro aulas máis un edificio de administración co seu recibidor a súa parte de limpeza e unha aula grande, iso pódese utilizar para moitas cousas máis que para música pero claro, temos que mirar cal é a nosa prioridade e a prioridade nós entendemos que ten que ser cubrir as carencias que dispón o Concello de Ares, a día de hoxe o Concello de Ares non dispón, precisa a prioridade para facer un local específico para facer unha actividade de taller de memoria e de musicoterapia porque hai locais onde esa actividade se pode desenvolver, entón para nós a prioridade e dotar dun espazo de música e nós o pedimos o pedín verdadeiramente dunha maneira sentida e eu dicíalle Alcalde que eu acercábame a vostede para falar do proxecto que vostede dixo que si que había que miralo do auditorio entón, non pretendamos facer un auditorio alí por favor, porque ese auditorio non vai dar solución as necesidades porque despois vamos ter un auditorio que non vai dar solución, si fan un auditorio e pensamos en meter noventa persoas cun escenario pequeno onde non vai coller unha agrupación instrumental grande, vamos ter que seguir facendo os concertos na igrexa, porque é o único sitio que non é o idóneo para facer concertos entón, si metemos aí os cartos para facer esa obra estamos limitando e logo vai haber quen diga que como é posible tendo ese auditorio que se teña que facer outro



auditorio, fagamos o auditorio ben Alcalde e aí acércome a vostede e xa nos fixemos propostas nese sentido, e ademais hai outra cousa, ese edificio eu o vexo ben como está non lle saquemos luz, un dos problemas urbanísticos que houbo en Ares foi sacarlle luz, luz as rúas.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que a cúpula e de cristal, que o arquitecto xa viu que non se lle pode sacar luz o que se lle saca e a choiva.


Intervén novamente o Sr. Mesías Farías dicindo que a choiva se lle pode sacar ou non, depende.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que si, porque queremos usar o patio cuberto en inverno.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que pódese utilizar ou non, porque si tes un espazo onde podes facer esa actividade non tes porque utilizar ese patio, son visións distintas eu entendo a súa visión pero para nada a comparto e de verdade que me da verdadeiramente pena que se dedique a isto, porque si hai que dedicar un local ao estudo indiano que é aquí cando nos enteramos, que podíamos enterarnos antes tamén, eu creo que o lugar idóneo son as escolas do porto é o edificio emblemático e aí si que se podía acoller ese centro de estudos de indios polo tanto, eu pediría por favor que isto se reformulara que quedara enriba da mesa e quero facer unha pregunta, e quero facer unha pregunta porque nós, nos diriximos as agrupacións musicais cando fixemos esta proposta en febreiro e eu quero saber si houbo conversacións cas agrupacións instrumentais por parte do concello e eu quero saber si xa hai unha decisión ao respecto de utilizar ou xa hai algún ofrecemento ao respecto de utilizar estas instalacións, e volvo a repetir gustárame que me contestasen a esta pregunta pero que tamén por favor non lle votemos para adiante este proxecto, deixémolo sobre da mesa porque é un vaso perdido bastante cheo.

Remata a súa intervención o Sr. Mesías Farías dando as grazas.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que evidentemente temos un grupo político que nunca quere que saia nada todo ten que quedar enriba da mesa, afortunadamente non facemos caso e facemos todo. Non temos prioridade pola música e a música non prioriza nada pero fixemos un local de ensaio, temos un local de ensaio totalmente insonorizado, temos un local para dar clases non, temos un local para ensaio si homologado, insonorizado e para ensaio, por certo nós o temos en Lubre, Mugaros o ten en Franza en consecuencia efectivamente é a rehabilitación de espazos que temos porque se supón que hai que rehabilitar en vez de construír, nós cando houbo que construír construímos cando o que había para rehabilitar non daba os parámetros, construímos unha gardería e ningún edificio valía entón a gardería tivo que ser nova, construímos un centro de día e ningún edificio valía e o centro de día tivo que ser novo, necesitabamos facer unha casa da xuventude e un centro de computación porque o que había era moi pequeno onde vivo eu na esquina e tampouco valería hoxe, no seu día claro que foi un adianto antes que nada e máis que cero, pero evidentemente non reunía os parámetros para coller un centro como o que temos agora pois compramos e rehabilitamos pero onde temos que efectivamente rehabilitar tampouco imos rehabilitar por rehabilitar hai que dar contido, sempre tivemos moi claro que as escolas do lago hai que rehabilitalas ben pois lle dimos un contido, uso sociocomunitario e conseguimos unha subvención, se vostede fora capaz de falar na deputación e que nos trouxeran da deputación eses 700000 € que vale facer ese foro das artes si vostede me trae os cartos o estudamos pero é moi fácil non traer nunca cartos e



rexeitar o dos demais, agora que lle digo eu ao Concelleiro que non queremos estes cartos, e que é moi fácil falar si vostede me trae os cartos onde quere poñer o foro das artes pois chamamos a Abanca e ofertamos a compra pero tráíame vostede os cartos para poder construír aí, porque iso é un espazo urbano e non vai a pedir pouco, vostede o quere aí, pois vaia a deputación que cultura o leva o BNG e traia os cartos ao concello para poder mercar iso pero como de momento temos que acoller a boa vontade de que non axuda pois aí rehabilitamos un edificio tal e como está, rehabilitamos o outro tal e como está sen cambiar a fisionomía simplemente rehabilítalo e temos un patio exterior que foi un patio de recreos de nenos e pensamos en que si o cubrimos un día que hai choiva para un acto en vez de ir para a pista da escola, que non está mal porque chove pois imos as escolas do lago é un patio cuberto que se fará ou non se fará porque vai na terceira fase para iso hai que conseguir os cartos si ninguén o paga non se vai facer, porque eu non estou disposto a destinar cartos de fondos propios para esa obra hai mil cousas antes que facer, por iso todas esas cousas fanse con cartos que consigo fora entón, é sociocomunitario non hai aulas para dar clases de música, para ensaiar hai un local de ensaio que nos pagou a Xunta de Galicia o que pasa e que efectivamente ese local de ensaio pois está en Lubre, pero hai outros edificios e entre todos pois nos vamos axudando e en consecuencia o que necesitan algunhas agrupacións pois son aulas para dar música non para ensaiar pois iso pode ser en múltiples espazos sen descartar que a este dado que ten tantas horas libres tamén poda ir, agora nós tamén priorizamos, claro que priorizamos, e temos que priorizar e nese sentido claro que o imos a facer.


O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do PP a Sra. Martínez Martínez.

Intervén a Sra. Martínez Martínez manifestando que están de acordo en que as escolas do lago hai que rehabilitalas, niso creo que estamos todos de acordo, o uso que se lle vai a dar pois non estamos tan de acordo porque aquí di, destinarase a actividades de promoción de autonomía persoal ou prevención da dependencia, quen falou no seu día do proxecto do auditorio foi vostede e da cúpula foi vostede non fomos nós, a proposta foi súa.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que se lle permite a interrupción, conseguín os cartos para iso que lle vou a facer para rehabilitación pero non vai a ocupar todas as horas entón, como non vai a ocupar todas as horas porque vamos a telo cerrado pode servir para outras cousas, cando falo de cubrir o patio chamarlle a iso auditorio é moi pretencioso porque iso seguramente non terá as condicións dun auditorio, pero fronte as setenta e tres prazas que temos nas alianzas seguramente que hai actividades que poden levarse a esa patio cuberto co que para aquilo que se nos quede pequeno nas alianzas o levamos aí, cúmprese o do auditorio pois en parte si, porque pasamos a ter un salón de actos máis grande, que non é o auditorio de Caranza non claro que non.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que non piden o auditorio de Caranza.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que dentro da pretensión que tiña pois foi a onde cheguei, e por ese resultado votaran pero é a onde cheguei, cheguei a un salón de actos máis grande porque non conseguín cartos para outra cousa, por certo hai que conseguir cartos para esa cúpula e ao mellor nese momento consigo os cartos para a cúpula e para que sexa un auditorio de collóns, pero aínda non cheguei a iso, de momento o que conseguín e que un edificio vaia para iso porque aínda falta o convenio do segundo ao mellor o segundo edificio nolo paga a Consellería de Cultura e aí si que dan aulas, pero de momento imos a un edificio que nolo paga Servizos Sociais nese edificio metemos musicoterapia e memoria



pero como só ocupan cinco horas nese edificio o resto do tempo pode haber moitas cousas que vai a pasar co resto, pois aínda faltan dous convenios máis para rehabilitar o segundo edificio e a cúpula e os contidos virán determinados por quen me de os cartos ao mellor para o interior consigo cartos de cultura e podo facer que aquilo sexa un salón de actos con son e demais pero de momento non estamos nesa fase, ti vas acomodando as pretensións se ninguén da cartos para facer o auditorio que fago, fágome o haraquiri ou deixo que caia pois non, será para aquilo para que consiga cartos, cal é a finalidade eu creo que rehabilitar e si rehabilitar supón que eu teña que renunciar a un sono non vou a dicir que se caia por non conseguilo, renunciarei ao soño e rehabilitarei cos cartos que me den aínda que sexa para cousas que non me gustan pero non vou a deixar caer os edificios entón, o obxectivo e rehabilitar si aínda encima de rehabilitar podo darme o capricho pero se non que vou a renunciar a rehabilitar non.

Responde a Sra. Martínez Martínez dicindo que niso estamos todos de acordo o que pasa é que esta actividade podería facerse noutro sitio.


Intervén o Sr. Alcalde dicindo que grazas a esa actividade rehabilitase o edificio dos dous que hai, matas unha necesidade que vas a sacar das escolas do Porto porque o vas a converter nun centro indiano iso o vas a sacar de aí e aínda encima páganche onde metelo, eu non digo que me aplaudades pero non está mal, este primeiro edificio non está mal porque cumpro sacando do Porto actividades para que sexa Centro Indiano dous actividades que alí si é un Centro Indiano non poden estar e en vez de metelos en calquera sitio van nun sitio rehabilitado e aínda encima deixa horas libres para outras actividades porque son cinco horas a semana, jolines agora queda o segundo edificio e a cuberta pois xa veremos que nola paga e para que agora eu ao que aspiro non é a que sexa un auditorio ou deixe de selo é un salón de actos mais grande que o que temos que actividades con asentos de mais de setenta e tres poder dicir pois para as Escolas do Lago porque alí hai douscentas cadeiras tamén hai quen fala de facer un auditorio na planta baixa da Casa Rectoral na planta baixa da Casa Rectoral igual pódese facer un salón de actos ben alí non o sei terá que vir o arquitecto a dicir pero si no baixo da Casa Rectoral podemos facer un gran salón de actos temos como vantaxe aparcamento que ti podes ir ao salón de actos a escoitar algo e hai para aparcar, hai un aparcamento ao lado que non hai aparcamento nin nas Escolas do Porto nin no Lago entón o sitio ideal sería a Casa Rectoral pois si porque hai aparcamento agora non está pechado son cousas que estamos falando para que nas Escolas do Lago que é o único que falta por rehabilitar iso é evidente Fina, é o único edificio que queda por rehabilitar en Ares é a Casa Rectoral.

Responde a Sra. Martínez Martínez dicindo que eles están de acordo, que están de acordo en rehabilitar iso o problema é o uso que se lle vai a dar.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que ese o rehabilitan para musicoterapia e memoria pero como solo ocupa cinco horas podemos facer usos compatibles é a realidade.

Intervén a Sra. Martínez Martínez preguntando ao Sr. Alcalde polo auditorio que vendía con cúpula incluída, que facemos.

Reponde o Sr. Alcalde dicindo que evidentemente non vai a renunciar a intentar conseguir ese salón de actos porque si coa cúpula consigo cubrir o patio cuberto ou sexa o patio onde xogaban os nenos.



Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que entón sería de outra maneira.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non rehabilitase unha casa tal e como está, rehabilitase outra tal e como está e logo cubrimos o patio cuberto cunha estrutura de madeira e cristal que quede con encaixe e que terá que ir a patrimonio e que patrimonio nos terá que aprobar e dicir iso non vou a decidir eu a cúpula vai ser patrimonio o que autoriza iso, e que finalidade ten a cúpula, poder facer actividades chovendo e cales poden ser esas actividades pois eu creo que poñer cadeiras é unha actividade todo o que vai a pista da escola cando chove podería ir a esa cúpula cuberta e aínda encima rehabilitas o edificio e aínda encima saes a un salón de actos máis grande co do Porto, eu non o vexo mal que todo e mellorable si, pero trae os cartos o BNG ten cultura na deputación que traia cartos para o Foro das Artes igual que eu vou a pedir cartos para outras cousas que se pratee o Foro das Artes, eu que lle vou a dicir que non a uns cartos que me do BNG eu non vou a dicir que non nunca nin o BNG nin o PP nin a ninguén, agora a min para o Foro das Ares non mo dan a min non mo dan, a el ao mellor si, eu fun alí e me dixeron non, xa che pagamos as cociñas as cociñas de Santa Catalina, ben pois xa o veremos xa mandamos a documentación xa é unha nominativa consideran que cumprimos agora, si conseguides outras a maiores eu encantado.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que unha vez finalizas as intervencións procedemos as votacións da proposta do B.N.G de que este proxecto quede enriba da mesa.

Intervén o Sr. Mesías Farías manifestando que a proposta do BNG e para que quede enriba da mesa, non para que se faga, senón para o uso finalista.

Sometida a votación a proposta do B.N.G. de que o proxecto quede enriba da mesa o Pleno do Concello de Ares por 2 votos a favor (2-BNG, 1 ausencia xustificada), 7 en contra (5 PSdeG-PSOE, 1 SON de Ares, 1 NAL), e 3 abstención (3-PP) acorda rexeitar a proposta.


Intervén o Sr. Alcalde dicindo que agora vamos a someter a votación eses cartos que nos ofrece a Consellería e que efectivamente aínda encima nos rehabilita un edificio que non está ben, e que con esa escusa pois podemos dicir xa temos un páganos o segundo, como facemos todo.

O Sr. Alcalde somete a votación o Convenio entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Ares para o financiamento das obras de acondicionamento do inmobile para Centro Sociocomunitario do Concello de Ares.

Sometida a votación o Convenio entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Ares para o financiamento das obras de acondicionamento do inmobile Sociocomunitario do Concello de Ares, o Pleno do Concello de Ares por 10 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1 SON de Ares, 1 NAL, 3 PP), 2 votos en contra (2-BNG, 1 ausencia xustificada)

3º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA, DENDE A CELEBRACIÓN DO ANTERIOR PLENO ORDINARIO

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende



a celebración da "última sesión plenaria ordinaria ós efectos, de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

O Concello pleno dáse por enterado.

4º.- MOCIÓNS-PROPOSTAS:

Antes de entrar no turno de Rogos e Preguntas o Sr. Alcalde pregunta os Srs. Voceiros se teñen algunha Moción para someter a consideración do Pleno pola vía de urxencia.

Non presentase ningunha

5º.- ROGOS E PREGUNTAS

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG o Sr. Mesías Farías.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías preguntando si houbo contactos entre as distintas agrupacións instrumentais musicais, si xa se chegou a algún tipo de concreción ao respecto do que se vai a ofertar ou si xa se ofertou, si xa se trasladou as agrupacións e con que agrupación se falou.

Continúa o Sr. Mesías Farías preguntando que na zona do peirao, Saavedra Meneses Pez Roxo e Ciscada eses locais a veciñanza, solicitou a ubicación dun contedor de papel o que teñen máis próximo é o que está ao lado do Kiosko Enma e pola cantidade de cartón que se utiliza está cheo.

Pregunta o Sr. Alcalde en que zoa.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que detrás do Pez Roxo, Yoglió e Ciscada


Pregunta o Sr. Alcalde si sería na zona da churrería por así dicilo, enfrente da churrería sería a ubicación.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que si.

Intervén novamente o Sr. Mesías Farías dicindo que houbo queixas tamén e así as trasladamos ao concello, aínda que o concello non é que está a facer as obras pero si ten que ser o Concello quen se dirixa a Xunta ou a empresa que está facendo nas obras da senda peonil Ares-Mugardos, polas medidas de seguridade xa houbo un trastazo e é un perigo circular por aí sobre todo na parte de Mugardos, non sei si cando vaian vindo para aquí pois vai a ser igual entón, solicitar que se cumpran as medidas de seguridade na obra por estas incidencias que hai.

Continúa o Sr. Mesías Farías preguntando polo posto de venda no mercado que saíu a concurso saber en que trámite se atopa iso, e cal é a finalidade do goberno para darlle saída a iso.


Responde o Sr. Alcalde dando as grazas e dálle a palabra a voceira do PP a Sra. Martínez Martínez.



Intervén a Sra. Martínez Martínez preguntando porque non hai papeleiras na praia de Chanteiro, a segunda pregunta cal foi o motivo de non limpar os areais despois das luminarias de San Xoan, porque onte estaba a praia chea de xente, a terceira pregunta e porque non aproba o pago a Anxaes xa que vostede dixo no anterior pleno que estaban os certificados de estar ao corrente coa Seguridade Social e con Facenda e a cuarta, recen comezado o verán xa caeu a presión do auga no pobo, que medidas vanse a tomar ante este problema e a última pregunta é cando nos vai a dar o balance de xestión do servizo municipal do auga.

Responde o Sr. Alcalde dirixese ao Sr. Mesías Farías dicindo que tiveron contacto con Xábrega e nos demanda aulas, locais para impartir fundamentalmente as ensinanzas, nós lle dixemos a verdade, que nestes momentos non tiñamos nada que puidera cumprir ou satisfacer esa necesidade pero que o Centro de Saúde xa estaba construído e se ía a facer o traslado e nos ía a quedar ese edificio libre, que tiña un convenio para rehabilitar un edificio nas Escolas do Lago e que imos a rehabilitar máis a longo prazo porque iso non é de inmediato, quedaba o antigo concello libre e que imos a rehabilitar as Escolas do lago iso e inmediato pero que máis adiante imos a rehabilitar a Casa Rectoral entón dentro de ese ofrecemento de esa posibilidade real o máis inmediato é o Concello Vello e a rehabilitación das Escolas do Lago. As Escolas do Lago imos a rehabilitar un edificio pero queda por rehabilitar outro edificio e ademais queda tamén poñerlle esa famosa cúpula entón de ese concepto de usos compatibles pois as Escolas do lago pode se a primeira posibilidade de impartir alí esas clases, e nesa situación estamos o edificio non está rehabilitado pero vaise a rehabilitar o segundo non está rehabilitado pero vai a entrar en rehabilitación e ao mellor alí é o sitio adecuado para Xábrega para impartir esas clases, que tamén é o adecuado para esa rondalla non o sei porque non teño ningunha petición da Rondalla, nese sentido que tamén é adecuado para as Bandas de Gaitas, pois posiblemente cun horario compatible uns as cinco e outro as sete e dicir, neste pobo todo é de todos e con posibilidade horaria porque vamos a dicir a alguén que non se hai unha franxa horaria pois nesas estamos, compromiso cerrado non, porque hai que ver todas esas posibilidades ao mellor de momento temos o parque das Escolas do Lago e logo van a Casa Rectoral eu que sei, estamos falando de futuribles pero si, hai compromiso por parte de este concello de ofrecer locais hai un compromiso serio por parte deste concello de colaborar hai un compromiso por parte deste concello serio de ofrecer aulas pero hai uns condicionantes materias que temos que resolver, pero si, hai un compromiso por parte deste concello de ofrecer aulas de ensaio a Agrupación Musical Xábrega e eu creo que eles teñen claro que o noso compromiso e serio e que imos a intentalo con todas nosas forzas, e si ao final e na Casa Rectoral pois a rehabilitación da Casa Rectoral contará con iso si ao final é o edificio do Concello miraremos que reforma hai que facer e si ao final é nas Escolas do Lago pois terá que ser compatible para empezar con estas dúas cousas que nolo rehabilitan para isto e non creo que Xábrega nos poña ningún problema porque haxa cinco horas polas mañá de musicoterapia ou de memoria.

Continúa o Sr. Alcalde respondendo ao voceiro do BNG, en canto a ubicación do contedor de papel cando nolo piden loxicamente miramos o tema, creo que se colocaron dous a maiores aínda que sempre o facemos que no entorno haxa establecementos puxemos un a maiores ao lado da farmacia porque na farmacia se xera moito cartón na Rúa María pola floristería entón, aí que hai que xere cartón o Día imos a poñer un contedor de papel ao Día para que nolo enche o Día que ten obriga de reciclar os seus residuos, a churrería xera tanto cartón, no Kiosko de Necane aquilo é brutal a cantidade de papel que se acumula alí con todo o que hai na Porta do Sol, e logo temos un contedor de papel na entrada de Ares a



altura do Ponte onde vive Belén e que establecementos había alí, estaba o de Titín e un kiosko que houbo no seu día na entrada agora non hai kiosko está Rodolfo pero tamén xeraba moito cartón e está sempre cheo.

Intervén a Sra. Seijas Díaz dicindo que está sempre cheo e que ao mellor Yoglio si xera cartón.


Responde o Sr. Alcalde e o resto do ano, están os chinos non me daba conta, pois vale vemos a ubicación do contedor de cartón.

Toma a palabra novamente o Sr. Alcalde dicindo que en canto as obras de Ares-Mugardos son uns benditos ao lado de Ares-Chanteiro son uns benditos, o do Sr. Ponciano Nieto na estrada de Chanteiro é un dor de moas constante e permanente, de Ares-Mugardos nos enteramos, de tres detalles e nolo arranxaron ao momento balizaron as entradas das vivendas vamos uns benditos pero uns benditos, oxalá atopamos obras como esas por iso estráñame que poida haber algo porque do que tivemos noticias que foi moi pouco dunha rotura e arranxouse nun minuto e xa digo, por comparar extremos a estrada de Ares-Chanteiro do peor que puidemos habernos atopado a hora de xestionar a obra do mellor son extremos opostos cunha diferenza aínda encima tratante ben, aténdente responden e piden desculpas vas a falar cun traballador dos que están na estrada Ares-Chanteiro e cando non está a mirar o móbil igual aténdente, porque están dirixindo a sinalización mirando o móbil, a min póñenme a parir porque sempre que tiven que ir alí hai problemas póñenme de volta e media entón ben, miraremos isto pero de verdade que non hai máis que falar favorablemente de esa obra.

En canto o posto de venda do mercado temos veciños que están interesados nel a verdade é que soamente temos un e claro o mellor é a concorrência competitiva e agora que temos varios pois sae a concurso, agora hai dous e parece razoable que saia a concurso, entón as necesidades dos aspirantes son diferentes entón e certo que en igualdade de condicións o local debe saír para os dous e estas condicionando unha oferta, agora imos facer unhas pequenas obras para que haxa igualdade de condicións e logo sae publicado conforme establécense as bases pero si hai dous aspirantes e efectivamente a adxudicación será pois como foron todas, non coñezo as bases pero si hai concorrência competitiva o obxectivo é poñelo en funcionamento que para iso se fixo a obra e ademais é un posto que ten a cualidade que pode operar incluso pola tarde, porque construíronse unhas barreiras para que non afecte aos demais nin os demais condicionen que soamente poda abrir pola mañá.

Continúa o Sr. Alcalde responde as preguntas da voceira do PP a Sra. Martínez Martínez.


A primeira pregunta sobre as papeleiras de Chanteiro, non se puxeron porque non hai persoal para retiralas, nós temos un servizo con Celta Prix e Celta Prix limpa o que está no contrato sacar papeleiras das praias non está no contrato entón iso o temos que facer con persoal municipal, con que persoal municipal se fai pois co de limpeza de praias, e aínda non entrou nolo dan xullo e agosto, eu no teño a culpa de que nos den o persoal de praias solo dous meses si nolo deran tres xa estaban contratados e en xuño xa estaban traballando pero como o dan dous si eu poño papeleiras nas praias en xuño, teñen que entrar en xuño, e en agosto xa os teño que despedir porque son dous meses, e quen recolle as papeleiras en agosto, entón como nos dan dous meses pois é do 1 de xullo ao 31 de agosto entón, en xuño non pode haber papeleiras porque non hai persoal para retiralas. Por certo, e o digo con toda a claridade do mundo é un problema de cultura moi grande



porque eu paseo polo monte e o que levo o traio para casa non pido papeleiras, pois eu creo que o se leva a praia se tería que levar para casa e máximo en praias urbanas que saíndo da praia hai papeleiras en todo o paseo ou contedores. A xente que vai ao Xuncal ao saír do Xuncal hai contedores porque teñen que reclamar papeleiras en plena praia e que non se poden deixar nas papeleiras do entorno ou nos contedores do entorno, porque temos que gastar recursos humanos en poñer papeleiras nas praias, e que non se pode esixir a xente que o que leve a praia que o leve a súa casa que para iso paga o lixo e que o vote no lixo da súa casa é así, non lle pedimos a xente que recolla a merda do seu can pois haberá que pedirlle que recolla a súa porquería non, hai que poñer papeleiras nas praias pois eu creo que está mal, pero como sempre se puxeron hai que seguir poñéndoas entón, poñemos papeleiras nas praias cando haxa persoal que as recolla, pero si puideramos non poñelas e convencer a xente que por favor o seu lixo o deposite nas papeleiras ou contedores máis próximos a praia sería o mellor, iso sería o mellor.

Eu sorprendínme do ben que estaban as praias ao día seguinte da noite de San Xoán entón, ata as cinco da mañá eu contei un centenar de luminarias en todas as praias de Ares, e sen ter xente contratada de limpeza de praias só co persoal municipal que temos, a seguinte madrugada retiraron todas as que puideron e cando a xente comezou a chegar a praia pararon e balizaron as que non puideron retirar porque é un domingo e a xente descansa e preparar traballos para os domingos é moi complicado pois o domingo se queres coca-colas as fabricas, porque os domingos a fábrica está pechada entón, efectivamente conseguimos facer unha cuadrilla de madrugada ata que empezou a chegar a xente a praia recolleron todo o que puideron e o que non pois o balizaron perfectamente é máis non puideron retirar vinte e ún luminarias porque a pesar de que para min tamén foi domingo madruguei me preocupe e contei as que non se puideron retirar en todo o pobo vinte e un de case cen, estaban balizadas vinte e un e dicir, estaban retiradas todas as demais de case cen pero cando deu a hora de que a xente empezou a baixar a praia lles dixemos que pararan porque xe fá a xente para a praia e as vinte e un que non puideron retirar quedaron sinalizadas dime que fixemos mal, a xente foi a praia exactamente igual que había unha baliza ao lado e que, eu teño ido a praia chea de xebra porque cando ti e eu eramos nenos non se limpaban as praias e coa xebra facíamos barcos e murallas e aínda encima había pulgas e agora non hai pulgas e as pulgas é un elemento fundamental da biodiversidade dos areais, pois non hai pulgas nas praias do casco urbano porque lles quitamos o que comen as algas, e en todas as praias dignas de ser praias están analizando e revisando os procedementos de limpeza para non joder a biodiversidade e aquí seguimos retirando todas as algas para seguir acabando con todas as pulgas que son fundamentais para o reciclaxe dos areais entón, son contradicións as que temos que enfrontarnos e en algún momento terá que vir un Alcalde que diga que non se limpan as praias de elementos orgánicos, de merda humana si, pero de elementos orgánicos como son as algas non , porque as algas forman parte das praias igual que os toxos forman parte do monte, me quitas os toxos que vou pasar polo monte pois non, e que pinchan ben e as algas olen mal, pero forman parte de esa biodiversidade agora que deixa de retirar as algas ninguén, porque te poñen a parir, pero a razón non a pon que te pon a parir as algas non se deberían de retirar, cando nós eramos nenos non se retiraban e non collíamos ningunha enfermidade non collíamos tifus nin nada e se acumulaban as algas nas praias e nos bañábamos igual.

Continúa o Sr. Alcalde responde a pregunta de porque non non aproba o pago a Anxares xa que vostede dixo no anterior pleno que estaban os certificados de estar ao corrente coa Seguridade Social e con Facenda, di que el non dixo que tiña todo perfectamente nin de Anxares nin do CIM o que dixen foi que se lla había esixido, que se lle había esixido a



documentación e mentres non a presente non cobra, porque non cobra porque no a presentou entón, ten que arranxar os seus problemas con Facenda e cando as arranxe cobra.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que ela cree non, que está segura de que no anterior pleno dixo que si.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non, que dixo que se lle esixira.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que non que dixo que xa estaba que consta na acta do pleno.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non, que dixo que se lle esixira porque efectivamente lle consta que se lle esixiu e dixeran que se lles había esixido e ademais por escrito eu non minto e está aí, o Servizo do CIM o arranxou e Anxares estivo fora e esas cousas,

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que o arranxou tres meses despois, no o arranxou e cobrou igual.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que as preguntas críticas que lle parecen moi ben, ti críticas o que che da a gana e eu contéstoche o que me da a gana entón, se lle esixiu que tiveran esa documentación quen se puxo ao día o arranxou, e o que non pois efectivamente ten un problema co interventor.

Toma a palabra novamente o Sr. Alcalde responde ao problema do fin de semana en canto a avaría en Seselle, rompeu unha tubería se perdía presión porque saían metros cúbicos dunha tubería rota entón, o domingo detectouse a avaría pero non tiñamos recursos para arranxala porque era domingo e os domingos a xente non traballa só temos un de garda, e certo que eu como Alcalde podó chamar e dicir de inmediato a Seselle a arranxar unha tubería pero non, non o fago porque creo que todos Dios ten dereito a descansar eu non, porque son Alcalde porque me da a gana, pero os demais si, e o concello non ten escravos entón, a avaría detectouse o domingo ao mediodía e non se puido arranxar ata o luns as oito da mañá.

Responde a Sra. Martínez Martínez dicindo que ela non está a falar da avaría.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que foi iso o que afectou a presión.

Responde a Sra. Martínez Martínez que o problema da presión e o que hai todos os veráns.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que cando chegou a Alcalde, cando efectivamente chegamos ao grupo de goberno non había presión na escola o arranxamos nós, non había presión na Avda. Paz o arranxamos nós, non había presión a partir dos segundos pisos de moitas casas de Ares o arranxamos nós, Mugar dos poñían unha aceleradora a funcionar cando lle saía de dentro e nos deixaba sen auga a Ares xa non hai aceleradora funcionando, pois é o único que nos falta porque tivemos que arranxar todo, todo o que vostedes deixaron tivemos que arranxar todo, só nos falta Seselle, nos pisos hai presión, na escola hai presión, na Avda. Paz hai presión e Mugar dos ten a súa propia acometida cando chegamos a Alcaldía había que arranxar todo iso, agora só nos queda Seselle.



Responde a Sra. Martínez Martínez dicindo que non queda só Seselle.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que si.

Responde a Sra. Martínez Martínez dicindo que non, que non hai presión.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que si, que só queda Seselle sen auga, e igual que arranxamos todo o demais tamén arranxaremos isto, por certo sería bo que vostede viñera comigo a Augas de Galicia porque a Xunta é un goberno amigo e que Augas de Galicia nos axudara a resolver este problema colaborando en algo na obra que imos facer, porque o problema que ten Ares de auga é supramunicipal, se Ares produce a súa propia auga porque ten un río o problema é municipal hai que comerse o marrón, pero aquí é que Augas de Galicia ten unha traída para Ares de diámetro de fai vinte e cinco anos e Ares non é o de fai vinte e cinco anos entón, por moita auga que levemos aos veciños non é máis auga a que levamos é a mesma auga máis repartida porque a auga que hai en Ares é a mesma desde que puxeron a tubería porque o diámetro en verano non se ensancha, non aumenta entón o problema de Ares é de caudal e dicir o mesmo auga que temos de sempre porque a tubería que nos dá auga é a mesma a repartimos entre máis, porque antes non había problemas de presión, porque Cervás e Chanteiro non tiñan auga non había que levar auga a Cervás e Chanteiro co que había máis caudal para máis pero e que agora levamos auga a Cervás, Chanteiro, Lubre, Caamouco entón o mesmo auga porque o tubo non se ampliou, o mesmo auga a repartimos entre máis, que iso hai que explicarlle a Augas de Galicia que o problema é supramunicipal que nos teñen que poñer un tubo máis ancho e o teñen que poñer desde Ferrol e dicir, tema supramunicipal competencia de Augas de Galicia porque eu non podo poñer un tubo máis ancho atravesando As Pías e Fene ben, pois esa petición a teñan dende fai dez anos e non contestaron.

Continúa o Sr. Alcalde responde a pregunta sobre o balance de xestión do Servizo de Auga di que como servizo integrado no ámbito municipal vai na conta de resultados, na conta de resultados que ven ao pleno todos os anos ven todo, veñen as contas de Servizos Sociais, do auga do que pagamos de luz, ven todo entón, eu non sei porque hai que presentar unha conta separada e igual que si vostede me di quero una conta de resultados separada de Servizos Sociais e porque si vai na conta de resultados xeral o que pasa e que na conta de resultados xeral hai que sentarse e buscar datos.

Responde a Sra. Martínez Martínez dicindo, datos que non nos dan.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que está na conta xeral.

Responde a Sra. Martínez Martínez dicindo que non están.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que si que están con ingresos e gastos, porque o auga ingresas e gasta, vai na conta xeral pero hai que sentarse e buscar.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as doce horas e vinte catro minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO